emogramas



emogramas. diario emocional en verso
WWW.EMOGRAMAS.INFO

por
A Regueifa Plataforma
WWW.AREGUEIFA.NET

Nota do autor: *Debido á evolución da miña escrita -e mesmo das normas ortográficas de referencia- durante o periodo no que foron creados estes textos (1996-2006), hanse detectar diversas inconsistencias lingüísticas, alén dalgúns erros. Decidín mantelos porque así reflicten máis puramente o momento e forma en que parín estes emogramas.*

SOFTWARE LIBRE DE INICIACION A EMOGRAFIA 1.0

DOWNLOAD HERE

Alguén fabricou un robot [http://www.fundacion.telefonica.com/at/vida/index_V9.html] que pode emocionarse cando o apalpas. O robot é feo. Non ten rostro. É unha masa marrón. Súa. Non é un androide. Non sorrí.

É un obxecto que sencillamente súa cando é acariciado. Talvez por nervios. Por rubor. Por excitación.

Sosteño que cando un ser humano se enfronta a unha páxina en branco, pantalla, material informe, etc. o que desexa é crear un vínculo semellante entre o artefacto que sairá desa páxina en branco e o individuo/ individua/ ente inarámico que asome os fuciños nel. A páxina en branco corre o perigo de emocionarse demasiado e suar. É un dispositivo altamente calibrado para a emoción.

No mundo dos humanos, a principios do século XXI segundo a taxonomía occidental para viviseccionar o tempo, varias eran as modalidades para cautivar a emoción allea:

1.- O canto
2.- O grafismo
3.- O cine
4.- Deixar caer as palabras *amor*, *soidade*, *pálpebra*
5.- Os cómics
6.- Os debuxos animados
7.- Os vídeoxogos
8.- O sangue
9.- Os abismos sociais
10.- Os emogramas

O último ítem di *emogramas*. Un emograma é un gravado de emocións. Un dispositivo. Un artefacto. O seu creador/autor [presumibelmente un home] xoga a evidenciar o po que cae sobre as emocións abertas. Segue unha especie de liña temporal marcada por acontecementos emocionais, dunha privacidade articulada, redonda. Unha relación xa empolvada, unha suspensión de partículas tendentes á entropía crónica, unha cauterización e unha volta a desempolvar emocións cara o final dos textos. Os emogramas condúcennos por **electrocardiogramas**, por **ecosonogramas** [foron identificadas unha letra do músico Beck e outra de Madonna, así como alusións irónicas á pupila azul da moza de Bécquer] ou por **sismogramas** [*secciona, serra, sacha, fende*; *querer/odiar/saber/ser*; *contador a cero,* entropías e membros fantasma incluídos]: son rexistros todos que axudan a marcar o rexistro emocional do autor [presumibelmente un home] dende o inicial *po que vai caendo* ata o sorriso final *destes días contigo*. O autor [presumibelmente etc] esgaza a súa madeira para amosarnos os seus aneis de crecemento vexetal: os emogramas son círculos de maduración ou conflicto emotivo. Son marcas nun interface destinado a entrar en comunicación con quen o toque. Unha pel tensada, *unha libra de carne* ofrendada, un *pelexo feito de soidade* que se despega como unha casca, unha *amputación*.

Funcionan como exorcizadores, como *extirpadores de amor maligno*. Son dispositivos de autoacubillo. Rexeneradores.

Os emogramas viviseccionan. Isto é, seccionan, tallan a vida. Pola metade, polo medio, sen deixar títere con cabeza, corpo con raíz. Dous que son un. E logo un que son dous. Similar a unha pequena vida celular fotografada ao detalle, a arte da emografía promete sangue, lágrimas e -ao igual có robot Alexitimia que se menciona ao principio [*alexitimia* é un termo que refire a incapacidade de verbalizar as emocións]- suor.

Suor.

A suor do tacto alleo na lenta manipulación das súas chagas.

*Estíbaliz... Espinosa.**marzo 2007***

O pó vai caendo
vai apousando
un día tras doutro
cubrindo cada cousa da casa
e mamá xa non o limpa
cansou de limpar e que sempre volva
e agora está en todas partes
nos poros da alma
no sabor das cousas.
Pó na boca.

Lóstrego que queima e acende a noite

.I.

A decepción sabe a terra:
caes das nubes e dás cos fociños nela.
Érgueste doído e sacudes o pó.
E miras ó redor.
¿De onde partiu o mísil esta vez?
¡Ai, amigos! ¡Ai, praceres! ¡Ai, fidelidade!
Non importa pero si que importa.
As conclusións que sacas
son coma os morados que fas ó caeres.
¡E eu parece que che vou para cardenal!
¡Mira que sempre acabo por terra..!,
pero a terra son eu tamén,
tanto coma o ceo.
Os corazóns espidos sonche propensos ás infeccións
sobre todo se os collen as porcas mans dun amigo.

.II.

Non sei qué ha saír de min
cando a vexa, nin cando os vexa a todos xuntos:
traidor, fermosa e coro
(deliciosa escena de tensión cómica).
Sonche trasparente, non teño pel,
así que o máis fácil será que trone a modo
calquera noite de sábado.
Pero eses tronos serán a risada áceda
dos deuses que espertan
ó final do enésimo acto,
sacudindo a lama deles,
amosando as vellas cores resucitadas,
e cantando os nomes das ilusións,
eco dunha terra interior fertilmente ferida.
Fanme tropezar pero non caio.

.III.

Gracias por reducir o teu peso específico.
Canto menos lastre, mellor.
Danme gañas de me soltar de todos vós,
pero aínda non é o tempo.

.IV.

Non foi o qué, que foi o cómo.
Vexo que a túa moral e maila miña
non fan boas migas, amigos.
¡Ai, que enganados vivimos!

.V.

Non podo loitar doutra forma:
racho a pouca pel que me cobre diante dela,
pero ela volve a cabeza
e bica un fermoso sobre-sorpresa que pasaba por alí.
Non teño outra escopeta
que amosar o que son, abrir este feo peito
e pregar por que alguén se pare
e meta a man nel.
…E o meu engado non engana.

.VI.

Non che abondaba coas túas historias e historietas
que tiveches que vir arrincar a única e raquítica esperanza que eu tiña?
Non o esperaba de ti. E logo, ¿que esperabas?
¡Xa non lembraba cánto alimenta o despeito!

Teresa. Idus de Maio

.I.
Naquel serán especial,
coa néboa cubrindo a cidade
e a emoción que saía dos corazóns
tinxindo a xente e as rúas,
probei a botar os dados
e repetir a chamada na túa porta.
E -¡o que che son as cousas!-
abriches un chisco
e estivemos case tres horas
bebendo das nosas almas.
¡Tanto tiña pedido, agardado e sufrido..!
e agora cando xa non esperaba ningún xesto de ti
concedíchesme o encontro
(esmola para un adorador, a deusa que se digna baixar).
E agora, o día despois, eu pregúntome:
¿Que encontrei? ¿Que encontraches?
ti encontraches a confirmación
da tremenda imaxe que xa tiñas de min
-non sei se a cheguei a matizar nun sentido positivo-
e eu encontrei
unha teimuda incredulidade
diante das miñas verdades máis fundamentais;
unha risada defensiva
cando te rozaba unha chave emocional;
unha ollada de pedra
cando preguei pola flor que tes pechada dentro;
uns consellos grises
para un espíritu branco,
vendas que non quero
para as feridas que agarimo.
Mais non encontrei en ti
-como eu quería- quen querer.
(Ogallá o atopemos cada un pola nosa banda, ¿non si?)

.II.
Que mude, disme.
Que a trasparencia acaba por non servir,
que non se cre (eu pensaba que como moito, asustaba).

Que ter o corazón tan grande
é peor que o ter pequeno.
Que ninguén pode querer
a quen a todas quere.
¡Pero non te podes dar conta do que me pides!
¡¿Aconséllasme a morte?!
Porque se deixo de ser quen son,
quen agora son, morto será.
E non quero morrer,
nin deixarlle a miña vida a un ser novo.
¿Daste conta, muller?
Ou, ¿é que ti o ves tan fácil?
Daquela estamos máis lonxe do que din as sinais.
Nin a lingua que eu amo aprecias ti, malia ser túa.
Nin a loita pola verdade e polo amor desesperado che son gratas bandeiras.
¡Que tolemia terte desexado!
¡Que pouca sintonía entre almas e corpos!
Pero -oh, divina comedia- unha palabra túa
e estaría rendido aos teus pes. E ti o sabes.
¡Opaca muller, burato negro!

Podo falar

Podo falar dunha guerra de dez mil batallas.
Podo falar de noites de luar
que saín armado coas máis certeiras lanzas,
brillante no meu metal noble e consagrado.
Podo falar das mañás que volvín derrotado e sucio.
Podo falar dos aliados que me abandoaron.
Por falar, podo falar das negras feridas,
dos momentos de paz, das risadas no campamento,
do son do aire zoando nas bandeiras,
dos fermosos cantos e os doentes berros.
Podo falar das traizóns e covardías,
das victorias inútiles, do sangue malgastado,
dos camiños trabucados, das misións perdidas.
Percorrín países dos que podo falar,
e tamén crucei ríos e naveguei mares,
subín montañas e baixei por vales.
De todo iso podo falar.
Mais non encontrei quen me escoite.

Xa non queda aire.
Vou baixando amodo
afundíndome sen loitar máis,
mentres boto olladas melancolicamente derrotadas
ao que queda arriba…

Agora, por fin,
penso en ti e xa non doe.
Agora que me sinto inteiro outra vez,
como antes de ti,
como daquela contigo,
como pensei que nunca máis me había sentir,
sei que ao final non me perdín:
agora teño a proba de que malia moito queimaches,
mala muller, non me destruiches.

Cando a túa hedra
vai medrando en torno a min
coas súas febras de par trenzado
respiro cheirume verde
e sei que me vas querendo.

Chegaches
cando xa non te esperaba ninguén.
Cando xa case arderan todos os barcos,
cando as bandeiras,
rachadas, xacían cobertas de lama
nos campos da derrota.
Cando fuxiran xa
os derradeiros heroes,
e non ficaban en pé
máis de catro feridos,
os resistentes da triste ollada,
as espadas escachenadas
nas súas mans trementes.
Entón foi cando chegaches
e trouxeches a Victoria,
de lonxe e a modiño como o amencer…

Como extirpar un amor maligno

Pensa en todo o malo,
desagradable, enfermo e suxo
da persoa amada.
En cada cousa imperdoable que fixera,
cada teima sen remedio,
cada desprezo e afronta súa,
cada esquecemento, cada inxustiza,
cada unha das traizóns
e cada unha das mentiras.
Pensa niso unha vez e outra,
unha vez e outra,
ata que se forme
unha emoción densa e dura;
fai dela un metal irrompible.
Agora dalle forma
a ese material:
trasfórmao no máis resistente e afilado bisturí,
e agárrao forte,
sen medo e con pulso firme.
E talla na base do amor,
secciona, serra, sacha, fende
e separa a súa raíz
do teu corpo.
Pecha os ollos porque ha pingarche de sangue,
esquece o son do tecido
abrindo, separándose, rasgándose, desgarrándose.
E nunca, nunca, nunca,
baixo ningunha circustancia,
lle botes despois alcohol á ferida.

O malo de sentir
a parella
como parte dun mesmo
é que a separación
vívese como unha amputación,
hemorraxia
e sensacións pantasmas incluidas

Gol da entropía

A eterna loita
contra a entropía
non se limita
ao entorno vital
onde facemos de Sísifos
limpando e limpando o po
que mañá ha estar de novo aí.
Non.
Veño de descubrir
que tamén na alma dun,
despois de moito traballar
e investir sufrimentos
por formar unha parella,
vense todo abaixo
como un castelo de naipes
e hai que comezar de novo
con baralla nova.

E non se pode un
deixar vencer
polo desánimo,
polo po que volve aparecer
cubrindo unha vida,
unha esperanza,
que hai que comezar outra volta
a axeitar.
Casa de partida.
Contador a cero.
Punto para a entropía.

Entropía, 2ª parte (ou dS > dQ/T)

O (meu) esforzo pode termar do (teu) amor,
pero amarte non abonda
para que te esforces.
A cantidade total de enerxía
implícita no amor
tende a trasformarse
nalgo cada vez menos útil
para o cambio.
E así foi contigo
de tal xeito que aos seis anos e medio
por moito que te amase
xa non podía conseguir
que cambiases.
E de feito comezaches a reverter
a un estado anterior.
O noso afastamento
é un proceso irreversible:
a entropía do estado actual
é maior cá do estado previo.
O grao de desorde
do sistema que formabamos
aumentou.
Estaba demasiado illado?
Precisamente, non abondo:
velaí o paradoxo
da nosa termodinámica afectiva.

Talvez queira recuperar en ti
unha mocidade perdida.
Si: é posible.
Pero tamén che quero dar
todo o que vin gardando
nesta caixa valorecida
que teño no peito.
Algún pequeno tesouro
ten que haber,
recolleito nestes meus anos perdidos,
que che faga alumear
estes incribles ollos teus,
e daquela todo ha ter sentido
e terá pagado a pena
todo canto perdín.

Cando non estás
persigo a túa lembranza,
como buscando unha proba
da túa existencia,
da realidade da miragre.
E cando a atrapo
exprímoa cos ollos da mente
ate que sinto de novo
o tacto e morneza da túa pel,
ate que escoito os teus xemidos
e ate que teño de novo na lingua
o sabor das túas pupilas
afogadas na paixón.

Fíxenche chorar
e ti apertáchesme.
Equivoqueime
e ti loubáchesme.
Aferrei con forza
o teu corazón por min ferido
e procurei ese sorriso desaparecido
debaixo da preocupación
que caera sobre nós
coma unha noite inesperada,
coma unha badalada a morto
no medio dunha festa.

Bágoas dobremente subterráneas.
A dor berra por saír,
brotar coma un geiser fervente,
aquí baixo centos de toneladas
de roca e ferro,
de contundente constatación do fracaso,
de ferruxe de vinte-catro anos de soños baixo a terra.
Enterrado pola luz
que te vin desprender
cando ollabas para el,
unha luz tan intensa
que deixou gravada
a miña sombra no chan
tan negra coma aquelas de Hiroshima.
E xa nada separa a sombra de min,
monta comigo no vagón
no que seica monto,
zombi como vou,
e araña paseniño o reflexo
na xanela escura
da miña ollada, que agacha un río,
unha dobre fonte soterrada
que mana da tristura resucitada de non te ter.

Estado civil: fracasado

Hoxe deime conta
de súpeto
de que era un “fracasado”.
Si, sono
porque fracasei contigo.
Porque o noso
ao final
non funcionou.
Así que pódeseme poñer
esa etiqueta
que tanto usan os yanquis:
“I’m a loser, baby,
so why don’t you kill me?”
Agora son un excluido da vida en parella,
un marxinado emocional,
un menino da rúa Soidade,
un sen-teito desfiuzado do teu corpo,
un parado sexual,
sen crédito nin domicilio coñecido en muller algunha,
un perdedor do teu xogo.

Eu sempre digo
que ben está o que ben remata.
E agora isto non está a rematar nada ben.
Neste intre longo e mesto da miña vida
todo soa a portas que se pechan,
todo son trens que marchan
(sen min),
todo é cheiro
a podremia
da que non dou fuxido,
cousas que morren a redor de min
namentras eu fico parado.
A miña cabeza soña
con ir nalgún deses trens,
en abrir algunha porta
longo tempo pechada,
soña con chaves e billetes
e con aire novo e frío
que leve lonxe tanta miasma,
con auga,
con movemento,
con muíños de vento
e risadas
de novo vivas
pintando horizontes.

Querer/odiar/saber/ser

Mañá has estar
ao borde da bágoa,
baleira, amputada.
Eu deberei calar
os reproches,
os matices
e comentarios críticos
ao meu cruel e inoportuno estilo.
Porque será
o que menos precises.
E non quero que me odies
por non te saber querer.
Así que heite querer,
xa sabes.
Aínda que odie que non saibas
as cousas, cómo deberían ser.

Baleirado novamente de ti
espertado de súpeto
do soño dunha milagre posible
estoupan coma unha super-nova
a cámara lenta
os queimados fragmentos de min
resucitados demasiado tarde.

Cóstame xa distinguir
entre a friaxe do corpo
e a soidade da alma.
Non lle atopo diferenza
á chuvia na rúa
e ao silenzo na cama.

Eles os dous
queren deixar
a súa semente,
o froito da súa demoníaca cópula,
os seus ovos carnívoros
aquí, dentro de min,
para que medren
e as súas larvas
me devoren
pouco a pouco
baleirándome
por completo.

Doce decadencia de fume,
de rutinas resucitadas.
Suave sopor dos velenos
cos que lubrico esta urxencia
de *chercher la femme*.
Excrecencia exterior
da ebulición desta mente
que me estira ate o punto de fuga.
Decadencia doce e fermosa
de estrela que se apaga
machucada nun cinseiro
cheo de estrelas consumidas.

“Dame tres nomes!”, disme.
Bukbenbau
(ou Bukbenbó),
digo falándolles ás túas tetas
capturadas nun vermello espectacular
e bicadas por un soño.
Benbobuk.
Bukbobén.
Ti preguntas de poesía
namentras cravas en min
a túa alma agachada
por un espello azul.
E eu digo: tic, tac, tac…
Bóbebuk!!
Material girl,
aposto a que pintas moi rica
na pista de baile,
pero a min déixame
deitado no sofá
soñando coas profundidades do ceo.

Ti amaneciches
unha tarde despois do trebón.
Colliches o meu corpo empapado
e o rabuñaches ate me sacar
este pelexo feito de soidade.

Depresión,
musa terrible da Desesperación,
eu invócote.
Súcubo do orgasmo sanguiñento,
dame un segundo de esquecemento
a lévate outra libra da miña carne.

Pode a miña vida
rematar agora
que irei para alá
cun sorriso
feito da lembranza
destes días contigo.

ÍNDICE